



Nome:

Data: nº:

CLASES DE ORACIÓN

1. Relaciona as dúas columnas.

- | | |
|-------------------------|-------------------------------------|
| • Oración enunciativa | • Oxalá estea equivocada. |
| • Oración exclamativa | • Quizais non sexas quen ti pensas. |
| • Oración interrogativa | • Cantos empregados hai na empresa? |
| • Oración imperativa | • Que despiste tiven! |
| • Oración desiderativa | • Non hai xente na rúa. |
| • Oración dubitativa | • Vai limpar os caldeiros. |

2. Clasifica estas oracións en simples e compostas.

- Se chove mañá, non haberá partido.
- Esta é a casa onde naceu Valle Inclán.
- Marcharei cedo para cama.
- Estou moi canso.
- Corre e salta.
- Recollimos o paquete que estaba na porta.
- Carlos chamoume onte.



3. Indica se a transformación en **PASIVAS** destas oracións é correcta.

- Marta e Xulián firmaron o contrato. → O contrato o firmaron Marta e Xulián.
- Os cans romperon o cristal. → O cristal foi roto polos cans.
- O señor Manuel regou os grelos. → Os grelos foron regados polo señor Manuel.
- Gloria paseaba ao can. → O can paseou con Gloria.
- Os atletas gañaron un trofeo. → O trofeo foi gañado polos atletas.

4. Clasifica estas oracións segundo a intención do falante.

- Quen me dera ser vampiro.
- Os vampiros zugan o sangue.
- Por que tes os dentes tan longos?
- Os vampiros non poden ver a luz do sol.
- Tal vez o novo empregado non sexa un vampiro.



5. Marca as respostas correctas.

Miña nai pintou esta paisaxe.

Esta paisaxe foi pintada por miña nai.

- A primeira é unha oración activa e a segunda pasiva.
- Na primeira o suxeito axente é “esta paisaxe”.
- Na segunda o complemento axente é “por miña nai”.
- “Esta paisaxe ten a mesma función nas dúas oracións.

6. Le o texto e arrastra as oracións salientadas onde corresponda.

O sorriso de La Gioconda

O gran Leonardo da Vinci pintaba a moza Lisa Gherardini.

–Que aburrida estou! Cando acabarás de pintarme?

–Non rosmes, Lisa, por favor! Desconcéntrasme. E ri un pouco.

–Quizais se me contases algún chiste gracioso, riría.

–Ogallá soubese algún. Pero teño menos memoria ca un mosquito... E agora, por que ris?

–Por nada!



- | | |
|-----------------|---------------|
| • Enunciativa | • Exhortativa |
| • Interrogativa | • Optativa |
| • Exclamativa | • Dubitativa |